

Gas Radon e SEPE→ Somos conscientes de que non é o foro adecuado pero non deixamos pasar a ocasión para solicitarlle á representación do SEPE que traslade ás direccións provinciais das zonas que o Consello de Seguridade Nuclear define, no seu mapa do potencial do radon, como zonas de actuación prioritaria que deben de mostrar sensibilidade cara a esta problemática.

Complementos de xornada partida e prolongación de xornada (JP4 e PRJ)→ Ante as dúbidas xurdidas tanto por parte do persoal como por parte dos xestores responsables de persoal dos diferentes organismos queremos tentar aclarar as dúbidas máis frecuentes que fundamentalmente son dúas, pódese renunciar aos complementos e pódese percibir só un deles?

Por empezar por isto último, o acordo alcanzado a nivel subcomisión é un acordo de máximos, é dicir, vaise iniciar o trámite de solicitude dos dous complementos xuntos, doutra banda é como se perciben habitualmente, o posto de traballo que os ten, ten os dous.

No tema das renuncias, ante problemas que poden xurdir tramítasense as renuncias do persoal ante o órgano que corresponda e estarase ao que este resolva. Polo que de forma xenérica non podemos dicir que sexan renunciabiles.

Debido a esta situación volverán trasladar as consultas a todo o persoal pero dunha forma moito máis clara, explicando con detalle o que cada complemento significa e relacionándoo co recolleito no calendario laboral do organismo e coa realidade de cada sitio.

Cambio de réxime xurídico→ Está convocado o proceso para o grupo G4, no noso ámbito de Subcomisión hai máis ou menos uns 280 efectivos con opción de participar do proceso de funcionarización.

O INAP ten preparado o material de apoio que hai que solicitar antes do 20 de xaneiro.

Por parte do Departamento realizaranse accións formativas baixo o formato de videoconferencia e serán catro temas complementarios aos do INAP, por suposto considerarase tempo de traballo e facilitásense todos os medios para realizar as videoconferencias que serán de dúas horas cada tema.

Xubilación parcial,→ Están a esperar a autorización da cota para este ano 2024 que esperan recibir en febreiro. Xa hai peticións tanto no SEPE como no OEITSS